

INMENSA DE TAN FRÁXIL

*Your gift survived
it all!*

W.H.Auden

Talvez sexa certo e só o don é quen de sobrevivir a todo. Por iso hai que abrir as páxinas dun poemario como quen se entrega a un ancestral rito de coñecemento e paixón, despoado e nu, en apertura porosa e mente íntima. Penso tamén que o exercicio crítico ha de ser unha transubstanciación, unha esexese demoníaca que nos leve consigo, unha avelá de centro impenetrable que nos arrastre ata o seu cerne, totalmente imantados e dispostos a ceder ata o fígado para desvelar o seu sentido. Estou con Saúl Yurkievich cando di que, na súa actividade crítica opera coma no amor, en grao máximo de excitación e baixo o influxo da sedución, con tódalas facultades en vilo: a intelectual si, pero tamén a sensitiva, a intuitiva, a imaxinativa ...

É pois, desde esta disposición omnívora que abrimos as páxinas da *Escrita Luz* de Cesáreo Sánchez Iglesias. Entro descalza en tal transparencia. Coma se entrara pola porta do seu templo natal en Irixo (Ourense), un vinteseis de xaneiro de 1951 e o oíra inaugurar a vida. Naceu un neno. Unha luz tenue de Georges de La Tour envólveo docemente: ese será o seu signo. Penetración no ámbito da luz con lucidez máxima. Minimalistas han ser as súas palabras, maximalista o seu subsolo. Capa calcárea tras capa calcárea, unha xeoloxía que busca o seu principio. É este un neno nacido para facer prospeccións na alma. A biografía dun poeta son os seus poemas, si. Cal é sen embargo a biografía do poema? É acaso un órgano retráctil que se aproxima á célula da memoria? En toda gran poesía, escrita e vida parecen confundir se ata tal punto que un non sabe se está lendo ou ulindo o perfume da laranxeira de hai tres versos, e a neve pura dun título enfríanos os pés.

Ante isto estamos. *Escrita Luz* leva desde o seu propio título inscrita a mensaxe plurívoca: unha poética, unha escrita (da) luz, pero tamén unha luz que se escribe, unha luz revelada. Unha luz en desvelo que quere anular a cegueira, que busca de maneira incesante a última claridade e se interroga en tódolos seus matices. Unha luz ó revés, en arco da vella, que amosa toda a súa gama para volver logo concentrarse en si mesma. Fogonazo. Turba confinada ó negro que se resolve sombra de todo paraíso.

Se entendemos a biografía do artista como unha grafía da vida interior, unha antoloxía persoal non deixa pois de ser unha prospección na alma. Enténdase así este libro: unha imaxe especular, unha lección de si, unha guía cara dentro. Volvemos así ó destino do neno: o fatum da hipersensibilidade hao de perseguir coma un insecto floral. Nos feitos externos da súa existencia xiran coma nun turbión incesante unha conciencia política de signo nacionalista, un denodado labor de divulgación da cultura galega, como editor, como presidente de A Nosa Terra, da Asociación Galega de Escritores, etc, etc, et cetera. Mais o activista político e cultural tranca a porta, péchaa con sete chaves no momento do poeta. Que non é o momento da Historia. Anque este poida ser un trazo da súa historia.

Escrita Luz ofrécenos de maneira fragmentada, pero non por iso menos intensa, unha imaxe verbal do universo creativo do noso autor. Máis interesante aínda se cabe por se tratar dunha metonimia da obra total escollida polo propio poeta. Dela emanan radios e núcleos de sentido que se anoan, que se retorcen, que se desvían, puntos car(di)nais orientados cara o seu só misterio.

O Centro e os catro Puntos car(di)nais

No centro da poética cesariana hai unha luz viva. Unha neve que cae no verso. Unha versificación límpida, un ritmo adelgazado que invita á contemplación e, por momentos, a unha actitude de quietude extática herdada da mística e da tradición oriental, desde a contención do haiku á definitiva contracción interna de Safo. Estamos ante un poeta da sensación, reflexivo, que despreza no intre da creación, tódolos dispositivos dunha intelixencia introspectiva. É na situación do centro, onde a brancura extrema e a nudez absoluta poden construír toda unha poética de aparencia impresionista, de estampa xaponesa por veces. Mais non nos confundamos. Este trazo lixeiro conduce con firmeza a unha metapoética simbolista que nos leva de súpeto ó espazo pechado dunha praza onde se resolve a súa circularidade ontolóxica. É, en efecto, "unha praza anterior á imaxe", e nela, "a agua é un verso longo e só". *O cántico da fonte* (1982), cruzado por voos de pombas ou transido polo chorar do inverno, devén imaxe da propia poesía depurada, emanación oracular de extrema delicadeza ante o discorrer do tempo. Ó seu través podemos case escoitar as voces imperfectas dun coro de nenos interpretando o *Réquiem* de Fauré. Deste xeito, o Centro que contén a loita pola pureza lumínica, a Neve e o seu reverso, a Sombra, o Soño, a Lúa, a poética da indeterminación da Néboa, todo conflúe nunha orquestración de pequena sonata. Inmensa de tan fráxil.

Catro puntos car(di)nais

Desde o centro da Luz sae un eixo cuádruplo, unha caniceira entreverada que soporta o peso dunha enorme construción verbal. A ela anóanse pois, catro trabes de ouro que sosteñen a imaxe solar do mundo: a da palabra, a da memoria, a da auga e da terra, e a do amor.

A palabra revelada

Acaso sexa a chuvia unha luz transpirada e a eternidade nada máis que o nó da noite. E quizais, o baleiro, as formas puras dun deus antigo. Para ver a palabra por dentro, é difícil saber qué nos fai falla. Cesáreo Sánchez Iglesias parece someter o poema a un proceso de reescritura, de afinación, de escoita interna, de destilación, que o leva por veces a un límite de silencio, á grande marxe branca da que falara Paul Éluard: "os poemas teñen sempre grandes marxes brancas, marxes de silencio onde a memoria ardente se consume para recrear un delirio sen pasado". En efecto, a marxe cesariana conférese coma un oco que se interna ó longo do discurso e tras el crea un novo espazo, unha meseta de escarcha ou unha caixa de resonancia onde poucas palabras se alzan sobre a súa soidade multiplicando o seu efecto expresivo. Por iso é posible dicir un delirio sen pasado, por exemplo: "Neva sobre este verso". Así trae a realidade ó primeiro plano dunha conceptualización emotiva. O corazón infinitesimal da sílaba manifesta entón todo o seu esplendor. Podemos dicir que a obra de Sánchez Iglesias, aínda encontrando camiños firmes de madurez poética, non *evoluciona* strictu senso, senón que *ondula* ou se *modula*, pois creado está case desde os comezos un universo que se alimenta desde distintas sondas. O seu é un universo é fractal, pero é Un. Unidade múltiple que refracta un inmenso diálogo intertextual, non só no plano da literariedade - non é este o lugar para detérmonos no canto de Dante e de Seferis, de Matsuo Basho, de tantas e tantas voces que emerxen incorporadas no seu discurso ou, digámolo á inversa, tantos versos que o anunciaron e o contiveron, co futuro endiante-. Intertextualidades que son identidades, imaxes tamén musicais, escultóricas e pictóricas verbalizadas. Non elabora, Cesáreo Sánchez Iglesias, ese xénero de poemas que *ilustran*, como acompañamento ornamental ou esexese lírica, as pezas artísticas amadas, non. *Variacións Nube* (2004) non recrea senón que asume a luz de Vermeer, arrastra a Caravaggio á súa propia infancia, pois o poeta advirte: "Ninguén escribe fóra da súa propia vida". E en efecto, as variacións cromáticas da nube, contemplada desde a Casa que existe cara o mar, poden inscribirse nas formas de ritual danzante de Paul Klee. A paciente observación dos cambios infinitos da Nube como posibilidades ilimitadas na forma musical de Bach,

identificase co estado de contemplación iluminada ante a obra de arte. Tamén o adentramento como forma de coñecemento intravisionario, cando aquela nube que pasa, traspasa, e a súa é xa unha viaxe interior, tamén este adentramento, digo, é actitude de mirada, é mirada estética. Así se comprenden os poemas máis que inspirados, transpirados, pola Anunciación de Fra Angélico, ou polas voces múltiples do coro de anciáns do Pórtico da Gloria. Sánchez Iglesias non adapta a escrita á obra que contempla, máis ben adopta o contemplado e con este material reconstrúe literariamente trazos da súa propia biografía de maneira que sementa tres grans de millo nas mans de Maruxa Mallo ata lle medraren espigas á creación dela. E é que o propio poeta sabe: "(. ..) búscome / nas cores, que diante miña camiñan". Así, a través de Kandisky, Sánchez Iglesias vai proceder a un estudo da cor, a un soño das formas, de xeito que ante el se revela un "azul espiritual", un amarelo que pode conducirnos á total apertura, un branco que é silencio antes de todo tempo. O poeta escoita. O poeta á escoita de "sons nunca ouvidos" dese son da escrita -, é tamén o poeta que ve o "interior das cousas" ou "a mínima forma temporal" e que experimenta o nó da Soedade e a gnose de toda revelación, de toda reverberación, de toda variación. Un cadro - poderíamos dicir con Marina Tsvietáieva - "que se viu moitas veces, unha escaleira que se subiu moitas veces -ver e subir seguindo as pegadas de tódolos que me antecederon, a miña pegada (a miña ollada) é a última, eu son o punto extremo desta superficie, o seu último estrato."

Mare Terra

Xunto á *escrita da luz* e á *Escrita do silencio* (1997) claves de interpretación da propia natureza do feito poético, Cesáreo Sánchez Iglesias desenvolve unha *escrita da terra* que é non tanto unha penetración expresiva nos elementos, coma un sinal de escoita. É así *O rostro da terra* (1996), unha man que dilucida as enrugadas milenarias da cortiza terrestre, e logo se incendia no seu centro baleiro onde atopa todo acubillo a eternidade. Trátase dunha poética corporal que vai á procura da cicatriz profunda como mensaxe inscrita, terra florecida tal doncela na primeira mañá do mundo, terra bucal que suciona, ser de soidade esencial, esencialización plena. Nela ou sobre ela só poden construírse "palabras que palpitan" sobre os sonhos e o destino infinito, pois é "terra imposible de morrer". Sabemos así, que a terra, coma o mar, é axente de toda eternización, idéntica a si mesma, exhalación da súa propia mudez que devén o só discurso poético posible: "Es a túa propia paisaxe.! Os teus sons:/ a escrita do silencio". Mais talvez unicamente na concavidade dese silencio alerta se oe *O rumor do distante* (2003), poemario do Camiño vital, de estrutura rexa, ópera de errancia en busca de tódalas posibilidades de apertura e acendramento espiritual, de exploración íntima do país e da súa lingua a través do microtopónimo, "o ADN do idioma", como ten dito o propio poeta, invocación do nome que nos contén a todos. Camiño externo que fala da inconstancia pero tamén da permanencia dun eterno galaico, expresado mesmo a nivel estrófico e estilístico, diálogo entre o rumor e o silencio, en dirección ó núcleo do tempo e do total misterio.

Pode dicirse que estamos ante a palabra infinita de orixe ignota, de emoción indoeuropea, como a devolta polo mar onda tras onda, na area renacente ou no azul que desvela un tempo sen mitos, un cronotopo illado na súa inmensidade, unha luz "que non pesa", o amor ó incognoscible nese libro que se queda sen alento de pura búsqueda: *Mar do fin da terra*. Do mar de Manuel Antonio, do de Luís Pimentel ou do de Valéry ten o poeta o senso simbólico e conceptualizado, anque agora deveña un corpo vivo que sente e desexa. Icono, metáfora múltiple, metáfora do individuo que se trascende a si mesmo. Na paisaxe mariña cesariana ancora con certeza o presente de azuladas ondas, gaivotas, areal e nubes son signos dunha felicidade prístina, unha epifanía lumínica e alquímica, de rito ancestral que dá razón á existencia. Na concentración expresiva do poemario, que percorre a costa dunha Galicia que se continúa a si mesma máis aló do seu límite fisco fisterrán, o autor ha de atopar en último termo, as fontes de refracción identitaria: "Onde voa a gaivota! que é parte do que fun! ou do que nunca teño sido".

Entre Memoria e Olvido

¿É o poema un órgano retráctil que vai cara á memoria? ¿De cuántas respiracións depende? ¿Qué hálito o mantén con vida? Foi quen, Cesáreo Sánchez Iglesias de transformar, de ler, de ver, de comprender a imaxe recordada da súa avoa coma unha cabeza de Afrodita. Transtemporalizando a vida, o poeta rememora, é aquel que non deixa lugar a dúbidas entre o que foi e o que é: visión pura. Así, esta *Escrita Luz* ábrese cunha temporalidade recuada, a dese *Antonte das salamántigas* (1980) no que conflúen as sombras persoais e colectivas dunha historia que se negou tres veces, así como *Ortigas da memoria* (1985) aguilloa o eu poético, un ser extemporal que une o presente e o pasado en puro desgarro interno, en plena experiencia lírica:

Devorado vivín dentro do animal meu devorador.

No seu corpo viaxan nubes.

Un río antigo que cai á noite que cai sobre todas as cousas.

E da mesma natureza có río, o poeta canta "o inalcanzable". Das súas augas que non se deteñen extraemos a memoria do manancío, esexese da palabra nacida da rocha, continuada na vida sucesiva das augas nutricias que é todo pensamento cíclico. A través dun cauce que se trascende a si mesmo, o poeta expón ante os nosos ollos, unha voz abrasada en *Do olvido o río* (1993), unha voz antitanática que se reconfigura unha vez tras doutra na súa mudanza heracliteana, nunha mensaxe da inconclusión e o soño de Leteo.

Mais a memoria ascende tamén polas raíces para construír a elaboración mítica da propia biografía do poeta e do seu país. *N'A árbore das sete palabras* (1989) imos asistir ó paso do místico ó mítico, da contención expresiva ó desbordamento dunha mensaxe épico-vaticinante de cariz eliotiano. A reescritura do Xénese e o eco da viaxe iniciática dantesca conforman neste caso unha outra memoria, a transversal lendaria, o máxico material de antigas palabras que xorden da boca plurívoca do Coro do Destino ou da Asamblea dos Deuses Avós. A estrutura cosmogónico-alegórica do poema sitúanos ante unha escrita da fundación da patria, ante o poeta-profeta que recibe os oráculos, a mensaxe heptagonal de sete pólas da árbore do centro, a do ben e do mal, a da ciencia, a do alén. Estamos ante un eu lírico intrauterino, entrañado, pois sábese "antes de ser enxendrado", cando baixa, como só el sabe e pode, "ao corazón da terra".

Amor que non se escribe

"Escrebo como amo". Neste verso condénsase a definitiva imaxe que o poeta verque sobre o seu propio proceso creativo, a busca permanente da beleza e a final fusión con ela. Mais "escrebo como amo" leva inscrito en si mesmo o seu ardente envés: Amo como escribo. pois Amor non sabemos qué é, tampouco o pulo que desgarrar a palabra do baleiro informe e a trae ó presente. En tal escuridade gnoseolóxica, só se comprende en actitude de non-comprender, ese quedarse non sabendo, toda ciencia transcendendo, que nos ensina San Juan de la Cruz.

Evadne (1998), que constitúe o cerne da escrita amorosa cesariana debe lerse como culmen ou chegada ó espazo graálico do corpo amado que trastorna toda temporalidade, pois só o corpo é "un presente perdurable". Non en van estamos ante un día que se bota ós pés da amada, unha muller coberta polo manto mítico da filla de Poseidón, amada por Apolo, deus da poesía. Evadne

oculta na lúdica expresión do xogo nominal e carnal, a Eva primeira do paraíso intocado, como estoutra da tradición helénica, e se imos máis aló, Evadne é tamén a tristísima muller de Capaneo, heroe de Tebas, súbdito de Creonte, autoinmolada en lume, na pira que a calcina trala morte do seu home. E se a amada é Evadne, o poeta é Apolo e tamén o propio Capaneo, ferido por un raio de Zeus. Raios da beleza que nunca cicatrizan.

Mais en Evadne nacen e morren moitas cousas. Ó seu mito únense outros moitos, os dos amores pasionais extremos e imposibles, de maneira que a escrita deste libro é un alén que oculta o segredo compartido. Escrita da exaltación dos sentidos e da "infinita quietude" do amor: "a paz) cóncava e sorprendida! de te amar". Escrita do secretum. Escrita do diálogo sentimental pero tamén intelectual coa amada: amor total que vai de arriba abaixo, de esquerda a dereita, que pulsa o platonismo e o abandoa pola materia carnal, que enmudece para logo cantar máis alto. Penetración no escuro, no síntoma da cegueira, poética ocular e oracular a un tempo, que se interroga ante a imaxe especular da amada, ela, a que determina o destino do poeta, a que deslumbra o silencio. Fóra dela, todo é pura circunstancia.

Hai pois, unha ponte que une a celebración do amor encontrado co desgarró da súa imposibilidade: palabra traspasada de nostalxia e de distancia, pero cun efecto multiplicador pola concentración do instante no que ha de vivirse unha vida enteira. Cesáreo Sánchez escribe así a súa personalísima poética da paixón como o Intre concedido ós amantes, cristalizado e sacralizado, seguindo a sabia lección de Hölderlin: "todo á fin terá desculpa! mais nunca perturbar/ o tempo dos amantes/ e a paz dos que se aman".

Epílogo

Luz e Silenzo. Palabra e Revelación. Memoria. Terra e Mar. A Nube o Río o Todo que flúe. A imaxe do neno. A bolboreta lenta do estilo. A comunión cósmica. O lenzo nunca acabado. O lume inextinguible en que arde unha muller helena. Un ar que pasa. As trenzas dunha avoa que medran ata o chan e se enraízan. Un país no extremo de si mesmo, caendo polas beiras e tódolos seus nomes cantándose en voz alta. O Soño. O Un e o Múltiple. O que somos e non somos sempre. Dentro e Fóra. Co tumor do tempo extirpado de nós. Os ollos dos ser amado. A Néboa. A Palabra. A Escrita Luz.

Todo o que é inmenso é fráxil. Todo o que é fráxil é inmenso.